

## DOMINGO XXVI ORDINARIO (A)

### PRIMEIRA LECTURA Ez 18, 25-28

#### LECTURA DO LIBRO DE EZEQUIEL

Así fala o Señor: Comentades entre vós: "Non é xusto o proceder do Señor". Escoitade, Casa de Israel: ¿Non é xusto o meu xeito de comportarme? ¿Non é máis ben o xeito de vos comportardes vosoutros o que é inxusto? Cando o xusto se aparta das súas obras de xustiza e comete iniquidades e morre debido a elas, morre debido ás iniquidades que el cometeu. Cando o malvado se aparta da maldade que cometeu e practica o dereito e a xustiza, entón el consegue a vida. Se cae na conta e se aparta da maldade que cometeu, vivirá de certo, non morrerá.

### SALMO RESPONSORIAL Sal 24, 4bc-5. 6-7. 8-9

R/. (6a): **Lémbrete, Señor, da túa compaixón.**

Amósame, Señor, os teus camiños,  
ensíname os teus sendeiros,  
diríxeme na túa verdade, apréndeme,  
que ti e-lo meu Deus salvador:  
todo o día te estou a esperar.

Lémbrete, Señor, da túa compaixón e da túa misericordia,  
pois existen desde sempre.  
Dos erros e das culpas da miña mocidade non te lembres:  
acórdate de min segundo a túa misericordia,

pola túa bondade, Señor.

O Señor é bo e recto:  
por iso lles ensina o camiño ós pecadores;  
El dirixe na xustiza os humildes,  
e amósalle-lo seu camiño ós pobres.

**SEGUNDA LECTURA** Flp 2, 1-11 (longa)

## LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS FILIPENSES

Irmáns: Se de algo vale o alento que recibides en Cristo, se vos anima o amor mutuo, se hai comunión no Espírito e se hai en vós sentimentos de agarimo e misericordia, facede completa a miña alegría, levándovos ben, tendo un mesmo amor, unha soa alma, unha mesma idea. Non fagades nada á retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca el. Non mirar cada un polo que lle ten conta a el, senón tamén polo que interesa ós outros.

Tede entre vós a mesma idea de Cristo Xesús. El, con ser de condición divina, non se agarrou con cobiza ó seu ser igual a Deus; senón que se espiu do seu rango, e asumiu a condición de escravo, feito en todo semellante ós homes. Presentándose coma un home calquera, abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte, e á morte na cruz. Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo e lle concedeu un nome que está por riba de todo outro nome, para que ó nome de Xesús se dobre todo xeonllo no ceo, na terra e mais no abismo, e toda lingua proclame que Xesús Cristo é o Señor para gloria de Deus Pai.

**Ou: 1-5 (máis breve)**

## LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS FILIPENSES

Irmáns: Se de algo vale o alento que recibides en Cristo, se vos anima o amor mutuo, se hai comunión no Espírito e se hai en vós sentimentos de agarimo e misericordia, facede completa a miña alegría, levándovos ben, tendo un mesmo amor, unha soa alma, unha mesma idea. Non fagades nada á retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca el. Non mirar cada un polo que lle ten conta a el, senón tamén polo que interesa ós outros. Tede entre vós a mesma idea de Cristo Xesús.

**EVANXEO** Mt 21, 28-32

## LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo, díxolles Xesús ós sumos sacerdotes e ós anciáns do pobo: ¿Que vos parece? Un home tiña dous fillos. Foi onda o primeiro, e díxolle: "Meu fillo, vai traballar hoxe na viña". El respondeu: "Non quero"; pero despois, arrepentido, foi. Foise onda o outro e díxolle o mesmo. El respondeu: "Vou, señor"; pero non foi. ¿Quen dos dous fixo a vontade do pai? Respondéronlle: O primeiro.

Entón díxolles Xesús: Asegúrovos que os recadadores e mailas prostitutas entrarán no Reino de Deus antes ca vós. Porque veu Xoán para vos ensina-lo camiño da xustiza, e non lle fixestes caso; en cambio, os recadadores e mailas prostitutas, si que llo fixeron. Pero vós, aínda despois de ver aquilo, nin vos arrepentistes nin crestes.